



## ACTA

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano Colexiado</b>
PLN/2024/7	O Pleno

## DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

26 de setembro de 2024

**Duración:**

Desde las 19:30 hasta las 22:20

**Lugar:**

Sala de sesións da Casa Consistorial

**Presidida por:**

Marisol Morandeira Morandeira

**Secretario:**

Pablo Portela Fernández

## ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ





33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **Expediente 913/2024. Dación conta resolucións da alcaldía dende o N° 2024-0591 ata o N° 2024-0729**

Dáse conta das resolucións da alcaldía dende o n° 2024-0591 ata o n° 2024-0729.

#### **Expediente 111/2016. Modificación Regulamento Orgánico Municipal**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 4, Ausentes: 0

#### **<< Feitos e fundamentos de dereito:**

#### **Modificación do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Guitiriz. Expte.111/2016**

Dona Paula Campo Barral, alcaldesa en funcións do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 16/09/2024 de incoación de expediente de modificación do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Guitiriz publicado no BOP de Lugo de data 1 de xuño de 2021.

Visto o informe de secretaría de data 17/09/2024.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d),25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Vista a proposta de resolución PR/2024/666 de 17 de setembro de 2024.

#### **Resolución:**





O pleno da corporación por maioría dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, coa abstención do PP e cos votos en contra do BNG adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Guitiriz no seu artigo 62: Intervencións dos/as membros da Corporación Municipal -Pregunta, co seguinte teor literal:

<< Pregunta: é calquera cuestión exposta aos Órganos de Goberno no seo do Pleno. Poden expor preguntas todos os/as membros da Corporación, ou os Grupos Municipais a través das súas Portavocías tanto ao Alcalde ou Alcaldesa, como aos concelleiros e concelleiras que ostenten delegacións xerais ou especiais. Os concelleiros e concelleiras poderán delegar si así o desexan a resposta no Alcalde ou Alcaldesa ou no seu caso no Voceiro ou Voceira do Grupo Municipal correspondente. As preguntas expostas oralmente no transcurso dunha sesión serán xeralmente contestadas na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta inmediata. As preguntas formuladas por escrito serán contestadas na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta inmediata. Así como regra xeral, as preguntas serán presentadas por escrito como mínimo un día antes da celebración da sesión correspondente, e serán contestadas ordinariamente na seguinte sesión sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta na sesión inmediata. Non se admitirán preguntas sobre o exclusivo interese de quen a formula ou de calquera persoa singularizada ou as que supoñan consultas de índole estritamente xurídico, técnico ou económico. Na quenda de contestación ás preguntas non caberá ningunha intervención adicional á do/a preguntado/a, polo que non haberá lugar a debate algún. Poderanse presentar como máximo 10 preguntas por grupo municipal e sesión.>>

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións a modificación do Regulamento Orgánico Municipal considerárase definitivamente aprobado.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que cambia vostede o Regulamento para que concelleiros/as con soldos que van dende os 2.000,00 euros da primeira tenente de alcaldesa, 1.200,00 na area de xuventude e deportes ou 750,00 que perciben outros para que non respondan as preguntas. Foron preguntas que fixemos por exemplo a primeira tenente da alcaldesa sobre se a depuradora de Pardiñas se atopaba operativa ou cal era a súa situación, porque é a responsable de medio ambiente. A don Carlos Bujan, responsable de medio rural e coordinación de obras e servizos nas parroquias, fixémoslle preguntas como si a humanización da Rúa Boa Veciña estaba a cumprir os prazos de execución. Para dona Pilar Vázquez, responsable da area de promoción e dinamización económica, preguntámoslle nalgún momento si contactara con algunha empresa para dinamizar o mercado.

Son preguntas relativas as súas areas e fánselles porque ostentan a dedicación exclusiva das mesmas e queriamos ter información de primeira man das persoas que levan





devanditas areas. Eles nunca se negaron a contestar nin manifestaron no pleno malestar algún ao ser preguntados, si calquera deles houbera dito que estaba incapacitado para falar ou que as preguntas os incomodaban, nós non houbésemos seguido no noso impetu de que se cumprise o regulamento vixente nese momento.

Trae este cambio soamente para que non falen os seus concelleiros/as, ningún se manifestou en contra de ser preguntado ou de falar e responder, en ningunha acta se reflicte tal manifestación por parte deles.

A modificación é acorde a lexislación segundo o informe do Secretario pero tamén o era o anterior Regulamento que vostede se negou a cumprir durante ano e medio.

A voceira do BNG di que tal como expuxemos na Comisión Informativa do pasado luns, nós queriamos, xa que había unha modificación, engadir outra; que as preguntas que quedan sen responder nun pleno cando se contesten no seguinte que se empece por elas, sendo estas as primeiras ás que se lle de resposta, por cuestión de axilidade no desenvolvemento do mesmo.

Na reunión da Comisión Informativa cando lle propuxen o punto que queriamos modificar, a súa resposta, sen ningún tipo de debate, foi que non. Tamén é verdade que na reunión dixo que non tiña ningún problema en comezar polas preguntas que quedasen pendentes, pero que non se ía recoller por escrito.

Non nós parece axeitado este tipo de condutas, porque ademais algunha vez se expuxo en pleno algunha cousa e respondeu que si se houbera feito a proposta na Comisión Informativa correspondente ao mellor se houbera valorado e aceptado.

A nosa pregunta é, si a resposta é non por ser unha proposta do BNG xa que a vostede a proposta non lle pareceu mal porque dixo que non tiña problema en responder a esas preguntas primeiro pero que non se ía recoller por escrito. Sen embargo a nós parécenos fundamental que as cousas quedan por escrito para evitar aptitudes de facer o que mellor nos apeteza en cada momento.

A Sra. Alcaldesa di que este Regulamento aprobouse na pasada lexislatura, naquel momento os grupos que estabamos non tivemos ningún tipo de desencontro en canto a quen ía responder as preguntas, debido a que ningún membro do grupo municipal do Partido Popular pediu que expresamente contestase algún concelleiro/a do equipo de goberno e quizais por iso non se reparou en que ese artigo estaba redactado desa maneira.

Isto foi consensuado no seu momento cos membros do equipo de goberno e posto que eu son a voceira deste grupo son a que vai responder, pero isto non quita que nun momento determinado si algún dos outros membros quere contestar poda facelo.

O Regulamento o que fai é deixar a autonomía que teñen por lei os grupos municipais para organizarse, porque este grupo non decide quen fala no grupo municipal do PP nin do BNG, son os propios grupos quen o deciden e eu non teño ningún problema que indistintamente fale un o outro.





O voceiro do PP di que non era interese deles interferir na organización do seu grupo político, simplemente preguntabamos porque nolo permitía o regulamento que se aprobou na anterior lexislatura.

Reitérome que mirando as actas do pleno en ningunha figura unha queixa de ningún concelleiro/a do grupo do PSOE a ser preguntado nin a contestar.

Preguntabamos porque nolo permitía o regulamento orgánico, non porque fose unha imposición nosa, e agora como se vai modificar xa non o faremos.

A voceira do BNG di que entende que hai un gran diferenza entre a quén se lle fan as preguntas, porque non é mesmo preguntarlle a un membro dun grupo político que aos membros do goberno. Nós non diriximos ningunha pregunta a ningún concelleiro/a, pero se á fixésemos non estaría pensando que lla estabamos a facer a un membro do grupo socialista senón a un membro do goberno, polo que entendo que hai unha gran diferenza.

Nós imos ter neste punto a mesma aptitude que tivo vostede connosco na Comisión Informativa, non e punto.

Este grupo nunca xamais vai apoiar co seu voto aptitudes tan autoritarias.

A Sra. Alcaldesa di que ela non ten a mesma percepción da Comisión Informativa como a que ten a voceira do BNG.

Traia unha proposta pero vexo que non é o mellor momento para negociar pero eu estou aberta a negociar calquera proposta do grupo do BNG para modificar o que sexa necesario.

Intervén a voceira do BNG para dicir que a proposta do seu grupo na Comisión Informativa era que se contestaran as preguntas pendentes do pleno anterior de primeiro polo que si quere incluílo no texto por nós encantados.

Pregunta a alcaldesa si traen a proposta por escrito ao que responde a voceira do BNG que non porque lle preguntei se podía traela ao pleno e díxome que non a ía incluír.

Intervén a Alcaldesa para dicir que se vai votar a proposta tal como esta.

**Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, abstención do PP e en contra do BNG.**

<b>Expediente 829/2024. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE ENTRADA DE VEHÍCULOS (VADOS).</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 2, Ausentes: 0

**<< Feitos e fundamentos de dereito:**





**ASUNTO: Expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de entrada de vehículos (vados)**

Vista a providencia de alcaldía de data 23/08/2024 de incoación de expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase, para adecuala aos costes da ocupación do dominio público.

Visto o informe económico a modificación da taxa, nº 2024-0296 de 02/09/2024 da intervención municipal.

Visto o informe 2024-0154 de 02/09/2024 da secretaria municipal.

Considerando a necesidade da adaptar os importes das taxas aos estudos económicos dos servizos municipais, e así dar cumprimento a normativa de facendas locais que determina que o valor de referencia que se debe aplicar nas taxas pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público, será o valor de mercado.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7 /1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Vista a proposta de resolución PR/2024/652 de 13 de setembro de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 16 de setembro de 2024.

**Resolución:**

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE, cos votos en contra do PP e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobado inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase, no seu artigo 6 relativo a cota tributaria, co seguinte tenor literal:

*“ARTIGO 6. Cota tributaria*

*A contía da taxa determinarase consonte ás seguintes tarifas:*

*A) Entrada de vehículos a través de beirarrúas ou de terreos de uso público:*

*1.-Reserva especial da vía pública para entrada de vehículos a garaxes particulares de vivendas ou de comunidades de propietarios, terreos, e recintos particulares, para o uso exclusivo das vivendas. A tarifa resulta da seguinte combinación:*





*Por cada metro lineal ou fracción de terreo de uso público ó ano: 12,62 euros*

*Por cada praza ó ano: 6,31 euros*

*- Reserva especial da vía pública para entrada de vehículos a garaxes públicos*

*Por cada metro lineal ou fracción de terreo de uso público ó ano: 20 euros*

*Por cada praza ó ano: 6 euros*

*Ós efectos anteriores, considerase como superficie media de cada praza 20 m<sup>2</sup>*

*2.- Reserva especial da vía pública para entrada de vehículos a establecementos comerciais, industriais ou de servizos. Entrada, carga e descarga de toda clase de mercancías, exposición, venta, reparación e mantemento de vehículos en horario laboral ou comercial (de 8:00 a 20:00 horas):*

*Locais de ata 100 m<sup>2</sup>: 100 euros*

*Locais de 100 m<sup>2</sup> a 250 m<sup>2</sup>: 150 euros*

*Locais de 251 m<sup>2</sup> a 500 m<sup>2</sup>: 200 euros*

*Locais de máis de 500 m<sup>2</sup>: 250 euros*

*Como dato común ós epígrafes anteriores terase en conta:*

*- Que a reserva especial da vía pública para entrada de vehículos será nos supostos normais de 3 metros lineais.*

*- Que si para carga e descarga fose necesario ampliar a extensión abonarase a maiores 15 euros por metro lineal ou fracción.*

*Cando se produza o acceso desde unha vía pública a un grupo de fincas ou locais que comparten a mesma entrada, a lonxitude desta, ratearase entre os distintos locais en proporción á súa superficie, sen que en ningunha das fraccións que resulten poidan ser inferior a un metro, elevándose as fraccións á unidade superior.*

*B) Reservas para actividades distintas ó acceso a inmobles*

*- Reserva de espazo de carácter temporal para diversas actividades de construción, comercio, servizos e subministración:*

*Vehículos de hormigonado, bombeo, guindastres, expositores, contenedores ós que non sexa de aplicación outra ordenanza e aproveitamentos análogos; cota diaria por m<sup>2</sup> ou fracción, 8 euros*

*Mudanzas, descargas de combustibles para empresas distribuidoras e outros usos extraordinarios, por m<sup>2</sup> ou fracción, por día, 3 euros*





*Se a reserva anterior implica o corte dunha vía pública, ás cantidades anteriores engadiráselles:*

*- Con impedimento total da circulación rodada, por m<sup>2</sup> ou fracción, cada hora ou fracción: 3 euros*

*- Con impedimento parcial da circulación rodada, por m<sup>2</sup> ou fracción, cada hora ou fracción: 1,5 euros*

*Nas reservas de carácter temporal os aproveitamentos realizados por un mesmo vehículo en distintas vías ou lugares dunha mesma vía, xerarán tantas autoliquidacións como aproveitamentos en lugares distintos sexan realizados.*

*C) Expedición ou reposición da placa de sinalización do vao.*

*Os titulares afectados aboarán ademáis a cantidade de (32 euros) por unidade, pola expedición ou reposición da placa de sinalización do vao, que anuncia a existencia dun paso destas características. Estas placas que terán o escudo de Guitiriz serán debidamente numeradas.”*

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza considerárase definitivamente aprobada.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di, o que se modifica é a cota tributaria, e dicir, estamos ante unha nova subida dunha taxa, no pleno anterior trouxo a imposición dunha nova taxa aos maderistas, agora a subida dos vados, vemos que é un afán recadatorio total posto que imos pagar mais polo xa tiñamos.

Vai vostede a fritir aos nosos veciños con impostos e taxas, xa llo dixemos cando se aprobaron os orzamentos e vós negástelo.

O noso grupo non pode estar de acordo con isto, non obstante, fágolle fincapé no que di no informe de intervención no apartado tres establece “a repercusión económica da modificación desta ordenanza no orzamento municipal considérase mínima, motivo polo que a estabilidade orzamentaria non se afectada significativamente, xa que se a situación ao final do ano é de inestabilidade a mesma non se vai a poder compensar por este incremento nesta taxa, polo pouca repercusión que ten non orzamento municipal.”, e aínda así sóbeselle a taxa aos veciños/as polo que imos votar en contra.

A voceira do BNG di que parece que é o ano recadatorio, no pleno anterior aprobouse unha suba da taxa do servizo de axuda no fogar, a taxa pola saca de madeira, que se ben quedou claro que a van pagar as empresas os cartos van saír dos veciños/as e neste pleno unha suba mais.







Este grupo nunca se opuxo a actualización dos prezos, de feito parécenos necesaria, e neste caso si en algo estamos de acordo é que hai unha certa empatía coa veciñanza e se fai unha suba que podería considerarse ata simbólica, ao contrario co que pasou coa suba da taxa do servizo de axuda no fogar que é mais do dobre.

Non sei si nos poden explicar como pode haber tanta diferenza a hora de xestionar as diferentes taxas, unha sube mais do dobre é nesta por exemplo a suba é simbólica, non sei si hai algún criterio.

A Sra. Alcaldesa di que dende que está este grupo de goberno non fixeramos ningunha actualización das taxas, a primeira foi ao do servizo do SAF que nos veu imposta pola inspección de servizos.

A taxa de vados aínda que pode parecer que se paga para que non se aparque o que grava é o paso dos vehículos por solo público para acceder a un espazo privado polo que o calculo desta taxa faise en función do prezo do solo público.

Por outro lado estase levando a cabo unha inspección por parte do policía local para determinar que baixos se están utilizando como garaxes e non están incluídos no padrón de reserva especial de vía pública para entrada de vehículos para que todos teñan o mesmo tratamento.

O voceiro do PP di, que é unha pequena suba, pero unha persoa que sexa usuario/a do SAF, venda unha parcela con pinos e teña un vado, sóbeselle tres taxas e tres pequenas taxas fan unha moi grande. Non pretenda agochar detrás de boas palabras a subida pleno tras pleno das taxas que se pagan no concello.

A voceira do BNG di que insiste en que este grupo nunca se opuxo a actualización das taxas e neste caso en concreto agradecemos a empatía de non levar a cabo unha suba tan importante.

Nós o que preguntabamos era, cal o criterio para tomar decisións tan dispares, para que unha taxa se suba o dobre e noutra a suba sexa simbólica?

A Sra. Alcaldesa di que unha usuaria do SAF que se beneficia do servizo vai a pagar en base as novas taxas pero sempre en función dos seus ingresos, si esta usaría ademais ten unha parcela de pinos que logo vai vender será o propietario/a quen se beneficie desa venda e si ademais ten un garaxe, terá un acceso por vía pública que hai que pagar porque as vías públicas son de todos/as.

Esto é unha actualización dunha das taxas que temos no concello e que non vai supoñer penalización económica.

E responsabilidade do equipo de goberno ter en conta as distintas actualizacións que se vaian presentando.





**Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do PP e abstención do BNG.**

<b>Expediente 852/2024. Aprobacion do acordo regulador do prezo público polo servizo de catering da escola infantil</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

**<< Feitos e fundamentos de dereito:**

**Acordo regulador do prezo público do servizo de catering na escola infantil do Concello de Guitiriz.**

Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 30/08/2024 de incoación de expediente de aprobación do acordo regulador do prezo público do servizo de catering na escola infantil.

Visto a memoria económica para a determinación do prezo público.

Considerando o disposto nos artigos 41 a 47 e 127 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo e os artigos 24 a 27 da Lei 8/1989, de 13 de abril de Taxas e prezos públicos.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Vista a proposta de resolución PR/2024/646 de 11 de setembro de 2024 fiscalizada favorablemente con data de 12 de setembro de 2024.

**Resolución:**

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do PP e coa abstención do BNG, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar o Acordo regulador do prezo público do servizo de catering na escola infantil do concello de Guitiriz, co seguinte tenor literal:

**“ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLO SERVIZO DE COMIDA-CATERING DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE GUITIRIZ.**

**Artigo 1. Concepto**

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora





das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público para o servizo de comedor-catering na escola infantil do concello de Guitiriz.

## **Artigo 2. Obrigados ao pago.**

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta normativa, os pais nais ou titores legais que soliciten e se beneficie dos servizos prestados por este Concello, a que se refire o artigo anterior, utilizando o servizo de catering da escola infantil do Concello de Guitiriz.

## **Artigo 3. Contía**

O prezo público se fixa en 90 euros ao mes, importe que será irredutible agás excepción do artigo 5.3

O prezo público por día, para casos excepcionais, é de 4,79 euros por día

## **Artigo 4. Pagamento.**

A obriga de pago do prezo público regulado nace dende que se inicie a prestación do servizo de catering aos menores que acoden a escola infantil do Concello de Guitiriz.

## **Artigo 5. Xestión e pago.**

1. Os pais, nais ou titores legais dos pais presentarán a solicitude de prestación ao servizo de catering da escola infantil e se iniciará a obriga ao pago.

2. As cotas mensuais se abonarán mediante domiciliación bancaria no numero de conta bancaria que o solicitante facilite. A tarifa se aboará por mes completo sen ter en conta as ausencias, variacións ou demais circunstancias de no asistencia a prestación do servizo.

3. Excepcionalmente se aplicará a tarifa por día cando se comuniquen ausencias programadas por tempo igual o superior a una semana, que deberán comunicarse a semana anterior a da ausencia.

## **Disposicións finais.**

**Primeira.** Para o non previsto no presente acordo regulador estarase ao disposto no Real decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e na Ordenanza xeral de prezos públicos do Concello de Guitiriz.

**Segunda.** O presente acordo entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir da súa publicación no Boletín oficial da Provincia e continuará vixente ata tanto se acorde a súa derogación ou modificación expresa.”

**SEGUNDO.-** Publicar no Boletín Oficia da Provincia o acordo íntegro do prezo público polo servizo de catering na escola infantil de Guitiriz.>>





Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que a eles parecelles que o prezo de 90 euros/mes é bastante elevado para o servizo de comedor tendo en conta o que se paga por este servizo noutros centros similares, por exemplo no CEIPs páganse sobre catro euros cincuenta ao día para as rendas mais altas e incluso sendo gratis para as rendas máis baixas. Aquí sae a 4,79 € por neno/a polo que nos parece moi elevado tendo en conta que comen purés ou cantidades moi pequenas por ser nenos/as moi pequenos.

Tamén nos chama a atención que a única excepción de pago é a do artigo 5.3 que establece “excepcionalmente se aplicará a tarifa por día cando se comuniquen ausencias programadas por tempo igual o superior a una semana, que deberán comunicarse a semana anterior a da ausencia.”

Non se regula que pasa coas ausencias dos nenos/as por enfermidade, xa que estas non solen estar programadas e non se poden comunicar cunha semana de antelación, estas ausencias tanto poden ser por tempo superior a unha semana ou inferior.

Xórdenos unha dubida que lle queremos preguntar, ao optar por este servizo de catering os nenos/as van a poder seguir levando a comida, para que lla dean alí, como facían anteriormente ou esta posibilidade non se vai a ter en conta?

A voceira do BNG di que queren facer unhas preguntas:

Si se fixo unha oferta publica para este servizo ou falou vostede cunha ou varias empresas concretas?

Si se plantexan que nun futuro o concello poda colaborar economicamente nunha porcentaxe neste servizo?

A Sra. Alcaldesa di que no proxecto de ampliación do PAI, convertido agora en Escola Infantil, non se contemplaba que tivera cociña pero cando tivemos a reunión cos pais/nais para poñer en marcha a escola infantil, algunha familia interesouse por saber si seria posible ter servizo de catering como ocorre noutras escolas infantís.

A nosa idea, en principio, era que foran os pais quen xestionaran ese servizo coa empresa pero o que ocorreu é que ningunha empresa prestaba o servizo para facturarlle directamente aos particulares. Unha vez que nos comentan isto nós ofrecémonos a xestionar ese servizo de tal forma que a empresa lle facturaría ao concello e despois as familias ingresarían no concello.

Ademais estamos pendentes da ultima visita da inspección porque nos sabemos si van a entrar a valorar si podemos seguir dando a comida como cando eramos PAI ou ao ser escola infantil non imos ter esa posibilidade.

En definitiva estamos nun período de proba polo que non sabemos como quedará definitivamente.





Puxémonos en contacto con varias empresas e soamente unha respondeu enviando un orzamento, o cal consta no expediente, e é ese orzamento o que xustifica o prezo que se establece neste acordo regulador.

So figura esa excepción de pago no acordo regulador do prezo publico porque así nolo transmitiu a empresa, e dicir que as ausencias teñen que comunicarse a semana anterior.

O voceiro do PP di que non teñen nada mais que dicir, soamente saber si o concello ten contemplado de cara ao futuro algún tipo de subvención para as familias de rendas máis baixas ou en risco de exclusión social.

Imos votar a favor porque entendemos que quen ten que tomar a decisión son os pais.

A voceira do BNG di que si se plantexan que nun futuro a corto prazo o concello poda colaborar economicamente nunha porcentaxe neste servizo?

Polo que entendín da súa primeira intervención, aínda non se sabe si se vai poder prestar ese servizo?

De entrada este grupo esta de acordo con que se preste este servizo pero o que non temos claro si esta é a mellor das opcións, non sabemos si esta proposta é mellorable ou non.

Nós imos absternos, non polo servizo en si xa que estamos totalmente de acordo con que se oferte, senón polo procedemento.

A Sra. Alcaldesa di que o concello non ten ningún centro xestionado por catering polo que tampouco sabemos si vai ser a mellor opción posto que é a nosa primeira experiencia con catering, pero si queremos prestar o servizo, tal como nos pediron algunhas familias, tivemos que tomar unha determinación e como só tiñamos esta empresa case podemos dicir que a decisión nos veu dada.

En canto a si o concello vai colaborar economicamente, como xa dixen mais veces, si algunha familia ten dificultade económica para acudir a este servizo o calquera outro hai un departamento de benestar social que esta para solucionar esos problemas.

En canto a pregunta de si se vai poder prestar ese servizo cando veña a inspección aclararemos si como escola infantil se pode prestar ese servizo de comida como se estaba dando cando era PAI.

En canto a participar economicamente nunha porcentaxe, cos recursos económicos que temos a día de hoxe é inviable.

**Sometido o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e do PP, e abstención do BNG.**

**Expediente 901/2024. Moción PSOE en relación á suba do canon que os Concellos abonan a SOGAMA pola xestión dos seus residuos.**





<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

**Expediente 904/2024. Moción BNG para o rexeitamento da subida do canon de SOGAMA e por un novo modelo de xestión de residuos.**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b>
	A favor: 9, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Os voceiros do BNG e PSOE acordan que cada grupo lerá a súa moción e posteriormente procederáse a un debate conxunto pero a votación levaráse a cabo por separado.

**A voceira do PSOE da lectura a moción do seguinte teor literal:**

<< Dona Marisol Morandeira Morandeira, voceira do Grupo Municipal PSOE-PSdeG de Guitiriz, ao abeiro do establecido pola Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 97 do RD 2568/1986, de 29 de novembro, presento para o seu debate a aprobación do Pleno a seguinte proposición en relación á suba do canon que os Concellos abonan a SOGAMA pola xestión dos seus residuos.

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A sociedade xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.

Desta proposta beneficiáronse os concello galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñeciamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumentos dos custos de luz e gas das súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente a implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

No pasado mes de xuño de 2024 SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do canon para os meses que quedan de 2024.

A consecuencia disto dende o mes de xullo a taxa de SOGAMA aos concellos quedou fixada en 66 euros por tonelada suprimindo ademais a rebaixa do 15% da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.





Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano.

A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.

Neste momento o goberno galego esta a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 euros, o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e en consecuencia tamén no recibo da veciñanza.

O motivo que alega entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7 /22, de 8 de abril, de Residuos y suelos contaminados que provoca uns sobrecostos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.

A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOMGA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).

Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva (cuxa recadación está transferida á Xunta de Galicia) nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.

A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que estamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo municipal socialista denunciámos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.

E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do canon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.

Dende o grupo socialista mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecostos que unha xestión obsoleta está a producir e a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG, e cos votos en contra do PP, adoptou o seguinte acordo:





Instar a:

1. Manter ao canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido. Que a Xunta de Galicia asuma o 100% do incremento do canon.
2. Manter a anterior bonificación do 15% deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.
3. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.
4. Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración e residuos para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:
  - 4.a. Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.
  - 4.b. Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.
  - 4.c. Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.
5. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.
6. Que se constituía unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 – antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestións de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.
7. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade.>>

**O voceiro do BNG da lectura a moción do seguinte teor literal:**







## << MOCIÓN PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS.

Mónica Roca Ares e Alfonso Losada Rodríguez, concelleiros do grupo municipal do BNG de Guitiriz e ao abeiro da lexislación vixente, presentan para o seu debate no Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

O anuncio da Xunta de Galiza do incremento do canon de SOGAMA para 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, suporía un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasaría dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% mais de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Un auténtico sablazo e un atraco que merece unha resposta contundente por parte dos concellos.

No outono de 2022 a Xunta incluíu no borrador de orzamentos para 2023 a supresión da bonificación do 10% do canon para aqueles concellos que implantasen a recollida separada dos biorresiduos e repercutisen a bonificación nos recibos que paga a veciñanza. Logo dun rexeitamento xeneralizado en vésperas das municipais, Rueda anunciou no parlamento o incremento da bonificación até o 15% nos concellos con recollida separada de biorresiduos e quinto colector ou colector marrón, medida que se comezou a aplicar no ano 2023.

A mediados do ano 2024 a Xunta elimina a bonificación e incrementa o canon nun 30%, dos 68 aos 88 euros por tonelada (os concellos con bonificación do 15% pagaban 56 euros por tonelada)

E agora anuncia un novo taxazo para 2025 que elevaría a factura até os 108 euros (suponse que a medida se tramitará na lei de acompañamento dos orzamentos de 2025).

Desde o BNG consideramos que este incremento unilateral, desproporcionado e abusivo do canon aos concellos é consecuencia do fracaso estrepitoso do sistema de SOGAMA, baseado en solucións finalistas como a incineración e o depósito en vertedoiro, penalizados pola normativa europea de residuos.

A Xunta xustifica a necesidade deste incremento polo desfase nas contas de SOGAMA como consecuencia de decisións do goberno central, que tiveron unha repercusión de 21,3 millóns de euros nas contas da empresa en 2023.

Aínda que a Xunta procure agallos e xustificacións externas, a causa do desfase económico de SOGAMA e dos seus números vermellos é a ineficiencia e o elevado custo do transporte, a xestión centralizada e a incineración de residuos, e, sobre todo, o erro que supón optar en exclusiva pola opción absolutamente superada da incineración.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecoloxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.0000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.





En lugar de abrir un debate sobre a cuestión dos residuos e introducir cambios nos sistema de xestión para adaptalo ás esixencias da directiva marco de residuos, a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos o fracaso dun sistema centralizado, obsoleto, moi custoso e antiecolóxico. A Xunta opta pola solución fácil dun novo sablazo aos concellos, seguindo coa súa especialidade de buscar culpables en lugar de propoñer solucións.

O novo taxazo anunciado para o 2025 (que levará o canon a 108 euros por tonelada).o que supón un incremento total de máis do 60% de media en poucos meses (o incremento é maior para os máis de 100 concellos que pagaban un canon bonificado de 56 euros por tonelada a cambio de implantar a recollida separada dos biorresiduos)

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG, e cos votos en contra do PP, adoptou o seguinte acordo

-Rexeitamento aos taxazos de SOGAMA (o aprobado en xullo e o anunciado para 2025) que a Xunta de Galicia pretende aprobar.

-Instar a un xiro na política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, reutilización e a reciclaxe, fronte ao custoso e antiecoloxico sistema de SOGAMA baseado na incineración.

-Solicitar creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do canon para o ano 2025 –antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder a redución do canon e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliar e comunitaria.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que a suba do canon que os concellos abonan a SOGAMA pola xestión dos seus residuos no ultimo ano e medio diversas medidas aplicadas de forma unilateral polo Estado lastraron as contas de SOGAMA ata o punto de provocar que a empresa pechara o exercicio 2023 cunhas perdas de dezaioito millóns de euros logo de varios anos de estabilidade financeira na que se realizaron investimentos para mellorar o servizo por valor cen millóns de euros.

As medidas estatais supuxeron un sobre custo de trinta e nove euros/tonelada pola xestión dos residuos urbanos que a empresa recibe e trata nas súas instalacións, entre as mesmas destacan as seguintes: o imposto estatal sobre o vertido e incineración, a recuperación do imposto de produción da enerxía do 7% e a Orde Ministerial de xullo de 2023 mediante a cal se eliminou a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Cerceda ao que tiña dereito ata o final da súa vida útil no 2026.

Aínda que o goberno e os seus socios argumentan que aplicación destes impostos con motivo da transposición dunha directiva europea, o certo é que a maior parte dos países da





Unión Europea estableceron moratorias os mesmos. Non se puxo en marcha en 18 dos 27 países da EU, entre os que se inclúen algúns tan destacados e referentes no compromiso co medio ambiente como Alemania, Filandia, Hungría e Suecia co que resulta evidente que o goberno de España actúa cun afán totalmente recaudatorio.

Compre lembrar que a Xunta de Galicia opúxose sempre a creación do novo imposto de vertido, motivo polo cal presentou alegacións a Lei 7/2022. O modelo de SOGAMA vese penalizado fronte a plantas menos eficientes e respectuosas co medio ambiente nas que se valoriza todo o material recibido .

O sistema de xestión de SOGAMA cumpre fielmente os preceptos da EU, priorizando a aplicación do principio das tres R (redución, reutilización e reciclaxe), de feito en Europa están operativas mais de 500 plantas de valorización enerxética.

Outros sistemas como o de Nostián e Barbanza que apostan polo modelo humedo- seco, unha opción contraria as directrices europeas e que debe de extinguirse, resultan notablemente mais custosos, con taxas no 2024 de 119 e 150 euros/tonelada respectivamente.

Neste sentido o vertedoiro é unha seria ameaza para o medio ambiente e a saúde por ser a opción mais contaminante emitindo un 170% mais de gases de efecto invernadoiro que a valorización enerxética.

Ante a ameaza que as decisións do goberno do Sr. Sánchez supoñen para a viabilidade da empresa, SOGAMA levou a cabo un estudo para activar un plan de acción que lle permita paliar os sobre custos e que fose menos lesivos para as arcas locais.

Coa vista posta nos orzamentos do ano 2025 e tendo en conta que o Estado non rectifica nin da marcha atrás nas medidas aplicadas no 2023, SOGAMA abordou un novo estudo económico cuxo resultado apunta a necesidade de propoñer unha nova actualización do canon de 108 euros/tonelada a fin de salvaguardar a sostenibilidade financeira do seu modelo.

O Presidente da Xunta de Galicia anuncio que o goberno autonómico asumirá o 60 % da subida do canon que cobra SOGAMA polo procesamento de residuos aos concellos adheridos e que subirá en 2025 a causa dos novos impostos introducidos polo goberno central e as bonificacións eliminadas sen previo aviso.

Malia a actualización SOGAMA seguira a ter o canon mais barato de Galicia e dos mais baratos de España, en Guipuzcoa 214 euros/tonelada; Tirme (Balears) 115; Deputación de Vizcaia 119 ; Tircantabria 94; Cogersa 96; Sogama 108 e o Consorcio das Mariñas en Galicia 119 e Mancomunidad do Barbarza 150.

O que queda claro é que o modelo de SOGAMA é o mais utilizado en Galicia sendo o mellor e o mais barato.





Este grupo municipal votaría a favor da moción si se teñen en conta as seguintes propostas de acordo a modo de emenda:

-Esixir ao Goberno Central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.

-Esixir ao Goberno Central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de SOGAMA a que tiña dereito ata o final da súa vida útil.

E despois, esixir a SOGAMA a súa marcha atrás de forma inmediata na súa proposta de actualización do canon para o ano 2025.

O voceiro do BNG di que chama a atención a defensa férrea que fai o voceiro do PP dun auténtico sablazo financeiro e fiscal que vai afectar a totalidade dos concellos de Galicia e polo tanto a totalidade dos cidadáns que dun xeito ou outro van ver repercutido unha suba no prezo que van pagar nas taxas de recollida de lixo.

O problema financeiro que ten SOGAMA única e exclusivamente deriva dese imposto, que é certo que é un imposto estatal, que vén implementado a partir dunha directiva europea procedente dun plan de residuos a nivel europeo e que curiosamente o Partido Popular en Europa votou a favor. É unha obriga que vén de Europa e de pouco vale que se nos diga que outros países non o están aplicando.

Hai que dicir que este modelo que ten implantado a Xunta dende o ano 2010, consiste en que o lixo de todos os cidadáns xúntanse nunha planta e que logo fariase unha valorización que tería que acadar duascenas vinte cinco mil toneladas no 2022 das que so se chegan a acadar tres mil e o resto vai para un furado ou se queima e o que regula directiva europea e o plan de loita contra as emisións do estado español e evitar a incineración e as solucións finalistas que son o vertedoiro e a incineración.

Por todo iso dicimos que é un modelo obsoleto e totalmente centralizado posto que se fai soamente na planta de SOGAMA, antiecolóxico e visto o visto é antieconómico porque senón nos se daría este sablazo que se nos vai dar a todos os concellos.

A Sra. Alcaldesa di que neste concello estamos a pagar 56 euros por tonelada e imos pasar a pagar 108 a partir do ano que vén.

Fai mención a que SOGAMA e un exemplo do principio das tres “R” e iso non é moi axeitado. Os últimos datos publicados do 2022 reflicten que na planta de SOGAMA o 60,47% incinéransen, o 21 % vai a vertedoiro e 18% reciclase polo que poñer a SOGAMA como exemplo de reducir, reutilizar e reciclar non é o máis axeitado.

A recadación deste imposto esta transferido a Xunta de Galicia dende decembro de 2022.

En canto a que SOGAMA ten unhas perdas inasumibles, hai que dicir que non é unha empresa privada polo que non se debería primar as ganancias económicas por encima do medio ambiente, que é o que realmente importa.





Por outro lado intentan vendernos que unha parte do coste váinolo subvencionar co Fondo de Cooperación Local pero é que este fondo xa é das entidades locais non da Xunta de Galicia.

O voceiro do PP di que se vai dirixir ao grupo do BNG, non lle vou a repetir a vostede os números dos impostos coa que o goberno central apoiado polo seu representante frite a que é a mellor empresa de Galicia con respecto a retirada de residuos, que é SOGAMA, a cal ten asinado con 295 concellos de Galicia. O seu representante non tivo a valentía de opoñerse aos impostos que van gravar o recibo do lixo a mais do 90% dos galegos, así defende vostedes a Galicia.

Por outra banda sorpréndeme que, sendo socios do goberno en Madrid e da oposición en Galicia onde non esquezan que os mandaron os galegos o dezaioito de febreiro e que nos deron o apoio maioritario aos populares que somos quen verdadeiramente os defenden, mentres os seus socios na exposición de motivos din que SOGAMA ten uns beneficios de tres centos mil euros, vostedes din que están en números vermellos, xa sei que vostedes ás empresas públicas téñenlle un pouco de teima salvo cando lles convén nomealas.

Vostedes din tamén que a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos o fracaso dun sistema centralizado que opta por un sablazo e que é unha solución fácil buscando culpables, en lugar de poñer solucións, nisto non lles falta razón, hai un culpable, o Goberno do Sr. Sánchez que sube o imposto estatal sobre o vertido e incineración, sácalle a retribución que recibía a planta termoeléctrica de Cerceda e que sube o imposto estatal de produción de enerxía.

O Presidente Rueda anunciou que o Goberno Autonómico asumirá o 60% da subida do canon que cobra SOGAMA polo procesamento de residuos aos concellos adheridos e que subirá ese imposto en 2025 a causa dos novos impostos introducidos polo Goberno Central e as bonificacións eliminadas sen previo aviso. Isto é protexer aos galegos/as.

Si vostedes pedisen na moción que o Goberno Central dera marcha atrás nestas tres medidas e que SOGAMA dera marcha atrás na subida, votariamos a favor.

Na exposición de motivos tamén din que a causa do desfase económico de SOGAMA e o elevado custe do transporte ao optar exclusivamente pola incineración de residuos, xa superada.

Léolles so a nivel informativo algunhas das cinco centas plantas como as de SOGAMA que hai en Europa: Suiza 30, Belgica 17, Holanda 12, Dinamarca 25, Suecia 37, Noruega 18, Austria 11, Alemania 100, Italia 37, Francia 117, España 13.

Dicirlle a vostedes que din que a solución é primar e incentivar a recollida selectiva, a neutralización e reciclaxe e de todo isto é competencia directa o Concello e non lle escoite reclamar aquí para que se poñan mais contenedores nas aldeas e no pobo, contenedores marróns, de vidro.





Tamén falan da compostaxe individual ou comunitaria e que se financien con sistemas de modelo de xestión a compostaxe domiciliaria e comunitaria pero curiosamente non falan do transporte que segundo vostedes e o causante das perdas económicas de SOGAMA.

Si vostedes saben doutra empresa máis barata que SOGAMA é lícito que a contraten.

O voceiro do BNG di que en toda Europa estase impoñendo estas medidas precisamente para tratar de reducir a incineración e o soterramento dos residuos que é no que se fundamenta basicamente o sistema de SOGAMA que é claramente ineficiente e obsoleto.

É certo que non votamos en contra na votación de que se impuxesen eses impostos por parte do Goberno Español, nós abstivémonos, ao igual que o Partido Popular.

Non nos pode botar en cara que non reclamamos ao concello contenedores amarelos etc, cando no pleno anterior falamos precisamente dos contenedores marróns, a quen nunca se lle escoita falar destas cousas é ao grupo municipal do Partido Popular.

Imos dar un dato bastante clarificador, en SOGAMA o 51 % do accionariado é da Xunta de Galicia e o 49% restante de Naturgy e sabe quen lle vende o gas a SOGAMA para incinerar a un prezo astronómico debido supostamente aos efectos da guerra de Ucraia?. Naturgy, e dicir, ten o subministrador de gas metido no consello de administración.

A Sra. Alcaldesa di que non é verdade que SOGAMA teña perdas inasumibles porque os ingresos que vai ter este ano pola venda de enerxía que subira un 81,31% con respecto ao ano 2022 vaille repercutir en que no teña esas perdas inasumibles que nos queren facer crer.

E ademais o sobre custo que supón o pago do novo imposto que o vai recadar a Xunta para si mesma e posto que é unha sociedade semi-pública o que deberían de facer e cubrir custes e non pretender obter beneficios.

A cuestión é valorar que sistema quere a Xunta de Galicia co PP ao fronte e que modelo queremos outros grupos para a xestión dos residuos e claramente queremos cousas distintas.

**Procedese a votación por separado das dúas mocións:**

**Sometida a votación a moción do PSOE é aprobado cos votos a favor do PSOE e BNG e en contra do PP.**

**Sometida a votación a moción do BNG é aprobado cos votos a favor do PSOE e BNG e en contra do PP.**

<b>Expediente 890/2024. Moción BNG para reclamar a Xunta de Galiza e ao Goberno Central medidas urxentes ante a incidencia da enfermidade hemorráxica epizoótica.</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 9, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0





## **A voceira do BNG da lectura a moción do seguinte teor literal:**

<< MOCIÓN PARA RECLAMAR A XUNTA DE GALIZA E AO GOBERNO CENTRAL MEDIDAS URXENTES ANTE A INCIDENCIA DA ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA.

Mónica Roca Ares e Alfonso Losada Rodríguez, concelleiros do grupo municipal do BNG de Guitiriz e ao abeiro da lexislación vixente, presentan para o seu debate no Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enfermidade hemorraxia epizoótica é causada por un virus da familia Reoviridae, trátase dunha proceso infeccioso, non contaxioso, transmitido por vectores. O ciclo biolóxico destes mosquitos picadores actívase coa subida das temperaturas despois dunha pausa invernal larvaria na auga, do que é doado deducir que coa chegada da primavera e o verán o número de casos aumenta.

Dita doenza afecta tanto a ruminantes domésticos como salvaxes, ten un período de incubación que oscila entre os 2 e os 10 días e dá lugar a unha clínica moderada e autolimitante: lingua inflamada e dor ao tragar, que pode facer que o animal estea sen comer e beber o tempo que dure a enfermidade con gran perda de peso e volume, cese na produción de leite, coxeira, hemorraxias, etc.. Isto pode incluso derivar na morte ou en secuelas que obrighuen a levar ao animal ao matadoiro tales como, a incapacidade para recuperar o peso, mastites habituais, baixa fertilidade ou problemas respiratorios como pneumonías agudas.

En Galiza, os primeiros casos detectáronse en setembro do 2023, data dende a cal se continuaron confirmando positivos polo resto do país ao longo de varios meses e afectando a todas as provincias.

A incidencia prevíase maior nesta tempada do verán do 2024 pero, malia iso, dende o Goberno da Xunta as escasas medidas preventivas e paliativas non chegaron a tempo para ser efectivas e os gandeiros comezaron a sufrila sen estar preparados para a nova vaga de casos que comezou hai semanas no sur do país.

Dende a Xunta de Galiza habilitáronse en 2023 indemnizacións para paliar a morte dos animais afectados pola doenza, para as cales se destinaron, segundo a súa propia páxina web 196.000 euros, que aínda están sen percibir por parte dos afectados. Se se comparan coas axudas recibidas no resto do estado, que tamén cobren, en moitos casos, os tratamentos dos animais ou as desinsectacións de prevención, son unha cifra excesivamente discreta para o número de casos totais da enfermidade. Sabendo ademais que a media de gasto por animal que estea afectado e cuxos síntomas se deban tratar é de aproximadamente 400 euros, que os gandeiros terán que custear en Galiza sen axuda por parte da Consellería de Medio Rural.





Coa chegada do verán de 2024 apareceron os primeiros casos na provincia de Ourense, que foron avanzando ata situarse esta última semana en terras de Lugo, con resultados dramáticos para os animais e por extensión para os propietarios, que se atopan nunha situación de desesperación absoluta pola elevada morbilidade que a enfermidade está mostrando nesta tempada, onde hai xa casos confirmados en 10 zonas veterinarias do país.

Ao tratarse dunha enfermidade vírica non existe tratamento máis que para paliar os síntomas, aínda que recentemente a AEMPS (Axencia Española de Medicamento e Produtos Sanitarios) vén de autorizar unha vacina coa que poder previr a doenza e facerlle fronte ao virus, e que está actualmente a disposición para a súa comercialización, suxeita a prescrición veterinaria pero da que as gandeiras e gandeiros teñen que asumir a totalidade os seu custe. Esta vacina acompañada da prevención serán as ferramentas chave para facerlle fronte a EHE, que é unha Enfermidade de Declaración Obrigatoria recollida no RD 779/2023.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG, e cos votos en contra do PP, adoptou o seguinte acordo:

1-Instar a Consellería de Medio Rural e polo tanto á Xunta de Galiza, a que asuma as súas competencias nesta situación actual de extremo abandono fixando unha partida orzamentaria destinada a:

a)Indemnizar os caso de EHE: tanto os que rematen coa morte do animal, como os tratamentos destinados a paliar os síntomas da enfermidade e os servizos veterinarios derivados desta.

b)Subvencionar a vacinación voluntaria contra o virus para todos aqueles gandeiros que soliciten as doses de xeito voluntario, favorecendo así a inmunización da cabana gandeira galega e evitar problemas futuros.

2-Redimensionar alí onde sexa necesario o persoal das oficinas agrarias de xeito que se poida dar cobertura á demanda dos gandeiros na xestión da prevención e/ou tratamento de casos da EHE.

3-Instar ao Goberno do Estado, no concreto ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que en coordinación co goberno de Galiza colabore con partidas específicas para desenvolver todas as medidas preventivas e paliativas necesarias para loitar contra a EHE.>>

Aberto o debate pola Sra. Presidenta o voceiro do PP di que supón que despois do Consello da Xunta e das medidas anunciadas polo Presidente Rueda estarán vostedes contentos coas súas peticións, como piden vostedes no seu primeiro punto a Consellaría de Medio Rural anuncia unha partida orzamentaria destinada a indemnizar os casos da enfermidade hemorráxica epizoótica de 5,4 millóns de euros, a mais grande de todas as comunidades autónomas de España.







Cunhas axudas que segundo o anunciado son, as contías por animal falecido oscilaran entre os 400 euros por bovino menor de catro meses e ata 1.600 euros para aqueles de idade maior o igual a 18 meses e menor de 120 lo que implica duplicar a contía que recibían os gandeiros por este mesmo concepto ata o momento.

Esta axuda será complementaria coa orde de indemnizacións por falecemento que xa se pagaron polo deceso de 410 animais en 2023 cun importe de algo mais de dous centos mil euros, indican que os que se beneficiasen desta ultima orde recibiran a diferenza entre os baremos destas aportacións concretas para enfermidade hemorráxica epizoótica e os importes xa cobrados.

En canto as aportacións dirixidas aos tratamentos veterinarios e desinfectantes de animais e instalacións as contías serán de vinte euros por animal censado na explotación, cun mínimo de cento corenta euros para as explotacións cun censo inferior a sete animais e un máximo de catro mil euros por granxa, esta axuda pagarase polo total do censo dos bovinos da explotación non so dos afectados.

Así as cousas, o Goberno Galego dispoñerá de mais 5,4 millóns de euros para a financiación destas axudas das que 2,8 millóns corresponde con la repartición dos fondos comprometida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación coa EHE e que se fará efectiva coa publicación dun Real Decreto esta semana. A isto hai que sumarlle os dous centos mil euros que xa se levan pagados e as indemnizacións deses 410 bovinos en 2023.

Os galegos e galegas volven a ver que quen os representa e quen mira por eles e o Partido Popular, somos a Comunidade Autónoma coas indemnizacións mais grandes aprobadas ata o de agora.

A Sra. Alcadesa di que o Estado aporta 2,8 millóns obrigando así as Comunidades Autónomas a que aporten eles a mesma cantidade polo que a Comunidade Autónoma de Galicia destina 2,6 millóns porque desconta deses 2,8 millóns os douscentos mil que destinou con anterioridade.

O que non fixo o Partido Popular da Xunta de Galicia foi ter previsión porque isto empezou o ano pasado, no 2023, aínda que finalmente non foi tan grave como parecía que ía ser, aínda así a Xunta non tivo previsión ningunha porque todo o que acaba de nomear o voceiro do PP aprobouse o martes.

Entre todas esas medidas que mencionou o voceiro do PP fáltame unha, o lucro cesante, onde esta contemplada unha axuda para cando unha cabeza de gando ou varias que resulten afectadas deixan de producir, quen lle compensa aos gandeiros/as a falta de produción por culpa de enfermidade, ninguén porque non esta contemplado.

A voceira do BNG di que ese anuncio en prensa que menciona fai auga por todos os lados, vostede fala de que é a partida presupostaría mais grande de toda España, pero porque non fala do numero de casos declarados, cal é a comunidade con maior caos declarados?, entón ao mellor é que lle corresponde a maior partida presupostaría.





A incidencia esta aumentando dun xeito exponencial, na nosa moción mencionamos que había casos confirmados en 10 zonas veterinarias do país pero é que agora xa imos en trinta e cinco comarcas afectas por iso nos parece que urxe aprobar esta moción e poñer en marcha medidas que dean apoio a gandería contra o avance desta enfermidade.

A pesares dese anuncio que parece moi alentador, direille que como sempre deixan ao pobo a deriva porque de non ser polas presións que levan exercendo distintas formacións políticas e sindicatos aínda agora estaríamos sen ningún tipo de anuncio.

Falan de axudas de entre 400 e 1.600 euros pero repoñer a baixa dun animal nunha explotación sube na maioría dos casos de mais de 2.000 euros.

Por outro lado non se coñecen os criterios que se van seguir para considerar que unha granxa este afectada pola enfermidade e polo tanto optar a cobrar a subvención, pero isto está todo no aire.

O que comentaba a Sra. Morandeira, o lucro cesante, en canto as ganancias que se deixan de obter pola perda de produción durante o proceso de enfermidade, non se recolle absolutamente nada sobre isto.

É o mais importante, a vacinación da cabana gandeira, é unha enfermidade vírica polo que non existe ningún tratamento curativo, o tratamento é para paliar os síntomas pero ten que ser o propio animal quen se defenda e cure da infección, isto fai que sexa fundamental evitar a infección polo tanto a vacinación dos animais é un dos piares fundamentais para combater esta situación. Existe a vacina e estase a comercializar e poñer, baixo prescrición veterinaria, e xa hai moitos gandeiros que llas están poñendo pero téñena que pagar integramente porque a Xunta non considera que iso sexa unha boa solución para intentar frear a incidencia dos casos de enfermidade.

Creo que todo isto son razóns suficientes para aprobar esta moción si realmente vostede quere defender aos galegos e galegas e deixese de demagogia fácil.

O voceiro do PP di que se esta a esperar para adaptar a normativa galega á estatal.

O número de explotacións positivas confirmadas laboratorialmente situasen en 1.184 e os animais confirmados en 2.822.

A Sra. Alcaldesa di que a Xunta de Galicia podería destinar mais cartos posto que unha parte importante dos presupostos da Xunta quedan sen executar porque non fan o que prometen.

O Goberno Central dos fondos que destina, quince millóns para toda España, dos cales 2,8 son para Galicia, tamen pon trescentos cincuenta mil para a tuberculosis bovina, e dicir, 3,2 millóns para Galicia.

A voceira do BNG di que a liña de axudas ata que estea publicada non existe.





Consideramos moi importante para este concello esta moción dada a cantidade de veciños /as que se ven ou poden verse afectados o cal lles pode supoñer unhas perdas economicas moi altas ademais da dor e do desanimo individual que isto conleva.

Por todo cal pense nos veciños/as, deixe de pensar no partido e vera que a moción é necesaria e axeitada as circunstancias e serve para defender aos galegos e galegas.

Quen ten as competencias absolutas neste sector e polo tanto quen decide cantidades e criterios é quen goberna, si o consideraran necesario destinariase mais, pero nin defenden o rural, nin defenden o galego e insistirán eternamente na morte do rural.

**Sometida o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE e BNG e en contra do PP.**

**Tramite de urxencia.**

**Expediente 337/2024. Expediente do contrato mixto "Servizos enerxéticos do alumado exterior e os edificios municipais do Concello de Guitiriz"**

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 2, Abstencións: 4, Ausentes: 0

Sometese a votación a urxencia quedando aprobada cos votos a favor do PSOE e PP e en contra do BNG.

**<< Resolución:**

**Expediente do contrato mixto “Servizos enerxéticos do alumado exterior e os edificios municipais do Concello de Guitiriz”.**

Marisol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

-Informe técnico da Deputación Provincial de Lugo de data 28/12/2022.

-Memoria xustificativa de data 22/03/2024.

-Acordo plenario de data 4/04/2024 iniciouse o expediente do contrato mixto de Servizos enerxéticos do alumado exterior e os edificios municipais do Concello de Guitiriz, mediante procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada, por un prazo de duración de vinte anos.

-Informe do técnico de medio ambiente de data 21/05/2024

-Informe xurídico da secretaria da Corporación de data 22/05/2024 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, e sobre a conformidade cos pregos que rexen a contratación.





-Informe económico da xustificación base de licitación de data 22/02/2024

-Informe sobre a estruturación xurídica do contrato para os servizos enerxéticos do alumeadado exterior e dos edificios municipais de xaneiro de 2024.

-Acordo plenario de data 30/05/2024 de aprobación do expediente de contratación do contrato mixto “Servizos enerxéticos do alumeadado exterior e os edificios municipais do Concello de Guitiriz”

-Anuncio en la Plataforma de Contratos do Sector Público de data 31/07/2024.

-Actas da mesa de contratación de datas 20/09/2024 e 25/09/2024.

Considerando o disposto na LCSP, concretamente o artigo 326.5 na cal se establece:

<< Artículo 326. Mesas de contratación.

(...)

Las Mesas de contratación podrán, asimismo, solicitar el asesoramiento de técnicos o expertos independientes con conocimientos acreditados en las materias relacionadas con el objeto del contrato. Dicha asistencia será autorizada por el órgano de contratación y deberá ser reflejada expresamente en el expediente, con referencia a las identidades de los técnicos o expertos asistentes, su formación y su experiencia profesional.

(...)>>

Considerando o disposto na LCSP, concretamente o artigo 150.2 na cal se establece:

<< Artículo 150. Clasificación de las ofertas y adjudicación del contrato.

(...)

2. Una vez aceptada la propuesta de la mesa por el órgano de contratación, los servicios correspondientes requerirán al licitador que haya presentado la mejor oferta, de conformidad con lo dispuesto en el artículo 145 para que, dentro del plazo de diez días hábiles, a contar desde el siguiente a aquel en que hubiera recibido el requerimiento, presente la documentación justificativa de las circunstancias a las que se refieren las letras a) a c) del apartado 1 del artículo 140 si no se hubiera aportado con anterioridad, tanto del licitador como de aquellas otras empresas a cuyas capacidades se recurra, sin perjuicio de lo establecido en el segundo párrafo del apartado 3 del citado artículo; de disponer efectivamente de los medios que se hubiese comprometido a dedicar o adscribir a la ejecución del contrato conforme al artículo 76.2; y de haber constituido la garantía definitiva que sea procedente. Los correspondientes certificados podrán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos o telemáticos, salvo que se establezca otra cosa en los pliegos.

(...)>>





Visto que a constatación do cumprimento destas formalidades na tramitación do procedemento contractual produciuse na mesa de contratación celebrada con data 25/09 /2024, polo que non foi posible incluír esta proposta na correspondente convocatoria do pleno.

Considerando a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O pleno, previa ratificación da urxencia derivada dos motivos expostos anteriormente, cos votos favorables do PSOE e coa abstención do PP e en contra do BNG , adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar a mesa de contratación para solicitar asistencia mediante informe técnico externo e asesoramento para levar a cabo a avaliación dos criterios establecidos no PCAP en virtude do establecido no artigo 326.5 da LCSP.

SEGUNDO.- Delegar na Alcaldesa a aceptación da proposta da mesa de contratación para efectuar o requirimento de documentación previo a adxudicación, en virtude do establecido no artigo 150.2 da LCSP, xustificándose a devandita actuación en base ao principio de eficacia no funcionamento administrativo previsto no artigo 103.1 da Constitución e dado que o contrario podería implicar un retraso de ata dous meses, ao quedar condicionado o devandito requirimento á convocatoria da sesión plenaria correspondente.>>

Aberto o debate pola Alcaldesa o voceiro do PP di que non van a votar a favor nin en contra porque entendemos que é un tramite que hai que facer e será mais adiante cando se traia a pleno a adxudicación cando nos pronunciemos.

A voceira do BNG di que eles votan en contra porque non entendemos a urxencia, poderíase facer nun pleno extraordinario, si é que é necesario facelo canto antes, para que os grupos da oposición teñamos marxe para estudar o que se plantexa.

Non temos nada en contra con respecto a que a mesa de contratación solicite un informe externo pero non estamos de acordo de delegarlle a alcaldesa a aceptación da proposta da mesa de contratación.

Intervén o Secretario para explicar que basicamente a finalidade da proposta é que o tramitación sexa un pouco mais axil. Por un lado estaría a aceptación da proposta da valoración por parte do organo de contratación, que sería o pleno, que é unha mera formalidade porque o organo de contratación normalmente non se opón a proposta da mesa e por outro lado un requirimento de documentación ao proposto como adxudicatario, que tamén é unha mera formalidade, logo o expediente volvería ao pleno para a súa adxudicación.

A voceira do BNG di que nin ven motivo para a urxencia e nin o ven, bo nin favorable, porque nunca esitvemos de acordo, en delegar funcións do pleno na alcaldesa.





A Sra. Alcadesa di que polo principio de eficiencia a este equipo de goberno non lle parecía apropiado convocar outro pleno.

**Sometida o asunto a votación é aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra BNG e abstencion do PP.**

## **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

### **Rogos PP**

1. No Paseo dos Sete Muíños temos varios pinos secos co perigo de que ao mollarse as ramas agora na época na que estamos, como están secas, poden caer sobre calquera veciño/a por isto rogamos se corten eses pinos e si o ten a ben que se substitúan por uns novos.
2. No parque infantil dos Sete Muíños seguen sen repararse os elementos rotos pola caída dun pino fai dous anos polo que rogaríamos que se arranxen para que podan xogar os nenos /as e de paso se corten os toxos que por alí proliferan.
3. Repare a fonte das verrugas en Pigara posto que o tractor que desbrozou a zona rompeuna e esta esnaquizada.
4. Cortouse a herba e limpouse a maleza na área recreativa de Pigara e deixaron a maleza e a herba encima das pilas de leña do ano anterior, non a retiraron. Tamén o regato segue cunhas fochancas na ponte que hai alí, e dicir, o estado xeral da área recreativa.
5. O estado da Praza do Curro Vello esta nun estado lamentable, os pivotes están coas pedras levantadas, segue sen darse solución as cristaleiras rotas, hai incluso cables de electricidade cun cono posto encima e a fonte esta esnaquizada polo que rogaríamos unha actuación en toda a contorna da praza.
6. Segundo comentan os veciños/as esta a suceder unha confusión entre os que entregan a paquetería, entre os de Carballedo de Piedrafita e os de Carballedo de Santa Leocadia, non están ben indicados nos carteis, confunden un Carballedo con outro.
7. Arranxe a ponte do rio Saa que queda por debaixo da ponte da estrada da Deputación, nas curvas de Saa hai unha ponte antiga e uns lavadoiros e a ponte caéronlle unhas pedras.

### **Rogos BNG**





1. Que se manteñan abertos durante todo o ano os baños públicos dos que dispón este concello, na área de autocaravanas e nos Sete Muíños porque a xente que sae a pasear a diario fai uso deles e así o demandan.
2. Que dende o concello se use e manteña a denominación que entendemos é a correcta para referirse a “Escola Habaneira” por respecto ao que foi nos seus inicios e polo obxectivo co que foi construída grazas a vontade dos nosos veciños emigrados, deixando así de usar termos como “Casa Habaneira” ou “Casa Habanera”.
3. Fochancas: estrada de Barreiro a Ferreiros, estrada de Rego Pequeno a Fontecribo en Buriz, a pista de Tiñaz que foi bacheada con area e xa non queda nada desa area nas fochancas e a pista da Fracela, en canto a esta ultima insistimos de novo porque vostede dixo que había que arranxala unha época que non fora de choiva e esta rematando a época de non choiva e ademais quedou sen rozar.
4. No cemiterio de Santa Leocadia hai un monumento aos “caídos por España” que incumpre de xeito absoluto a Lei de Memoria Histórica polo que esiximos se dea cumprimento a devandita Lei.
5. Se arranxe con prontitude a beirarrúa de acceso ao colexio de Guitiriz posto que hai un tramo bastante grande de baldosas rotas e descolocadas. Comenta a alcaldesa que se rompeu cunha atracción da festa do Curro Vello e dixeron que se ían facer cargo co seu seguro.
6. Se faga un axeitado mantemento de limpeza de beirarrúas e se esixa a veciñanza a limpeza de fincas privadas para evitar a invasión de silvas como por exemplo no tramo da nacional que hai xunto a floristería de Teixido.

## **PREGUNTAS**

### **Preguntas PP**

1. O Robot que esta na piscina municipal, entendemos que é un corta-césped, funciona?  
Resposta: Si
2. A caseta de madeira que o concello levou para o Sanguñedo é propiedade do concello?  
Resposta: Si
3. Cal foi o motivo para non plantar os xardíns do concello con flores de tempada ao igual que os demais anos?  
Resposta: Contéstolle no seguinte pleno.
4. Hai unha fochanca na Nacional VI un pouco antes do Gadis, dirección Lugo .Falou xa con Fomento ou coa Deputación ou como se vai arranxar? Resposta: Maña vén unha





empresa para mirar si se pode empezar e ver como imos afrontalo.

5. Houbo algún problema para que baixase un gran caudal de auga na zona dos depósitos e da potabilizadora de Guitiriz, ladeira abaixo?

Resposta: Non estou segura pero creo que é cando se limpa ou hai algún proceso de lavado pero asegúrome e contéstolle no seguinte pleno.

6. Cal é o motivo de que o Concello de Guitiriz non faga ningún obradoiro de emprego, na prensa saíron publicados todos os da provincia de Lugo e dos dezasete de maior poboación, Guitiriz é un dos dous que non o pediron?

Resposta: Non hai ningún motivo específico, son decisións do equipo de goberno.

7. En que situación están as súas negociacións con ADIF porque nos dixo que estaban esperando a que mandaran un técnico para que explicara o proxecto dos pasos a nivel?

Resposta: Témolo pedido, de feito ía vir unha persoa nun momento determinado e logo xurdiu outra cousa.

8. Hai algunha previsión de recibir en Guitiriz emigrados ou refuxiados?

Resposta: Non se puxeron en contacto con nós

9. Están ao tanto de que a liña de alta o media tensión que leva enerxía eléctrica a potabilizadora de Parga ten o tendido medio descolgado? Resposta: Estamos en contacto cunha empresa especializada para que nos envíe un orzamento para facelo.

10. Como van as súas xestións coa Deputación para facer unha nova RPT?

Resposta: Esta solicitada e farana en función da dispoñibilidade que teñan.

### **Preguntas BNG**

1. Consideran que se cumpren as normas mínimas de seguridade no parque infantil dos Sete Muiños e no seu entorno como para que non teña que estar pechado?

Resposta: Non, esta claro que agora mesmo non esta en boas condicións o que non sei é si cumpre ou non as normas de seguridade. As certificacións están ao día pero este ano aínda non se fixo. Pediramos unha subvención a Xunta para a cuberta e para arranxalo pero non nola concederon.

2. Quería preguntar sobre unha planta de hidroxeno verde que esta proxectada na zona do pantano en Guitiriz, que nos consta que tería un consumo de auga de 158.000 litros, que información ten o concello ao respecto e si se presentaron alegacións no tempo establecido?

Resposta: Nós a primeira información que tivemos diso foi cando a Xunta mándano para informe de impacto ambiental . O segundo momento que temos coñecemento diso é cando nos tocaba renovar a nosa concesión de auga que subministra para Lagostelle e veu o inspector de Augas de Galicia e comunicounos que había ese proxecto. Nós presentamos alegacións en contra do proxecto posto que a pretensión deles e coller auga da mesma fonte da que nos subministramos para Lagostelle.







3. Teñen intención seria de lavar os contenedores antes de rematar a lexislatura?

Resposta: Contesto no seguinte pleno.

4. O BNG fixo no seu día unha proposta de recollida de lixo porta a porta e quedou en nada, nos preguntámonos si hai algún negocio do concello ao que se lle faga esta recollida a porta, e de estar dispoñible este servizo, como se fai esta xestión?

Resposta: Non son coñecedora que se lle recolla o lixo a algún negocio na porta.

5. Faise algún seguimento do uso ou situación na que están os composteiros?, temos constancia que o da Rúa Tralouteiro está sendo usado como un contenedor normal.

Resposta: Non damos conseguido que a xente o deixe de usar como un contenedor normal. Designamos a unha persoa do concello para que se encargue do seu mantemento e seguimento.

6. Coñece si hai algún prazo establecido para o remate de despregue da fibra óptica no concello?

Resposta: O prazo sería o 31 de decembro deste ano pero neste momento descoñezo si hai algunha prorroga.

7. Sabe algo do estado da vía administrativa que se fixo con respecto dos postes de fibra das parroquias Santa Mariña, As Negradas..?

Resposta: Non podo facer nada posto que non teño ningún informe que me diga que eses postes supoñen un perigo para a seguridade vial. De todas formas comprobáremolo outra vez.

8. No mes de setembro do ano pasado preguntamos si tiña prevista algunha iniciativa para dinamizar o mercado dos mércores, e díxonos que estaban mirando distintas posibilidades e incluso contratar unha empresa especializada. Fíxose algo en serio ao respecto?

Resposta: Contesto no seguinte pleno.

## **PREGUNTAS DO PLENO ANTERIOR**

### **Preguntas PP**

- Quen contratou a seguridade privada que estivo vixiando os escenarios na festa da torta millo deste ano?

Resposta: A contratación fíxose por parte do concello.

- Cando vostede entrou como Alcaldesa no ano 2019 Guitiriz tiña 5.484 habitantes e a día de hoxe ten 5.194, o que supón 290 habitantes menos. Que medidas esta levando a cabo para frear a perda de poboación?

Resposta: A conversión do PAI nunha escola infantil, os programas de concilia madrugadores, concilia, tardes ampliados aos dous colexios, actividades extraescolares e deportivas, contamos cun centro de día que funciona, estase a construír a residencia de maiores. Entendemos que todas estas actuacións van encamiñadas a que en Guitiriz se fixe poboación.





- Vostede sabe que en Guitiriz non hai casas nin pisos para alugar, nin apenas para mercar. Cando falamos de vivendas de protección pública ou vivendas sociais que son as que poden ter acceso a xuventude debido as limitacións económicas para que os nosos mozos podan independizarse e formar familias e así medraría Guitiriz. Que xestión se fixo dende o concello para dinamizar as vivendas sociais ou protexidas en Guitiriz?

Resposta: Temos unha proposta e estamos a espera a que nos reciba a Conselleira de Vivenda para firmar un convenio para desenvolver un dos PERIS que temos no Plan Xeral e a partir de aí dispor de solo público para que eles poidan construír vivendas sociais ou de protección pública, que son os que teñen a competencia.

- No pleno do mes de abril durante a súa intervención no debate da moción que vostedes presentaron a cerca do servizo de pediatría no centro de saúde do noso concello vostede dixo: que a partir de mediados de febreiro xa se deu por sentado que durante un ano ou ano e medio a persoa que cubra aquí este servizo non vai volver a el, nada que dicir ao respecto, o que hai é que poñer outro pediatra para que faga o traballo. E a vista das eleccións europeas do 9/06/2024, utilizou este pleno de forma electoralista para provocar alarmismo, pódenos dicir quen foi a persoa que lle transmitiu esa información para que logo vostede a dixera no pleno, si foi alguén do Sergas da Xunta de Galicia?

Resposta: Si consideramos como do Sergas ou da Xunta de Galicia a persoa que dá as citas entón si, porque calquera persoa que chamara nese momento se lle dicía que a baixa da pediatra ía para largo. De feito a realidade é que estivemos moito tempo sen ese servizo de pediatría habitual e non podemos esquecer que tivemos unha tarde a semana un médico con formación de puericultor.

- No pleno anterior contestoulle a voceira do BNG con respecto ao PAI, que o final de obra estaba prevista para o 11 de xuño e a partir de aí o tempo que leve limpar e colocar o mobiliario polo que a previsión para reanudar o servizo será a primeira quincena de xullo. Esta a funcionar o PAI? Resposta: Xa non é un PAI, agora é unha Escola Infantil e xa esta funcionando e que permitiu que este curso escolar que ningunha das familias solicitantes no horario que demandaban quedaran sen praza.

Recordar que esta Escola Infantil está funcionando grazas o esforzo de todos os veciños/as de Guitiriz que foron os que puxeron a través dos orzamentos municipais a maior inversión a pesar de ser unha competencia da Xunta de Galicia e a pesar da promesa da Conselleira que no seu momento dixo que se ía facer cargo de solucionar o déficit de prazas en Guitiriz.

O proxecto custou 367.780 euros, a Xunta puxo 45.000 euros, recibidos a través dos Fondos Next Generation 92.780 euros, e a Deputación aportou para mobiliaria 12.407 o resto púxoo este concello.

- As parcelas que rozou o tractor do concello con operarios municipais e que son privadas, váiselles a cobrar devanditos desbrozes aos titulares, falo das parcelas sitas diante do restaurante o cisne e que se rozaron antes das festas de San Xoán?

Resposta: O concello roza varias parcelas particulares que se utilizan como aparcadoiros habitualmente.





- Cal foi o tipo de avaria que motivou o peche da piscina municipal o pasado sábado?  
Resposta: Unha avaría no clorador que foi resolta.

- Que empresa levou a cabo devandita reparación?  
Resposta: Foi arranxada por persoal do concello pero tivemos que esperar a que a auga cumprira cos parámetros para ser apta de novo para o baño.

### **Preguntas BNG**

-No pleno anterior fixemos un rogo para que a limpeza dos espazos municipais e camiños se fixera en tempo e forma para que non se repetira a situación doutros anos e contestáronnos que xa estaba adxudicado o contrato. Preguntámonos por que vai tan atrasadísimo todo este traballo e incluso hai zonas como Buriz que entendiamos que estaban desbrozadas pero hai vías de acceso a casas sen desbrozar.

Resposta: O Buriz entrou nun lote que lle tocou a unha empresa de fóra de aquí e tivemos que pasarlle uns planos novos e algunhas das vías que tiña que rozar non nas atopaba. Posteriormente comprobouse que se desbrozou todo o que estaba nos pregos de contratación. Pregunta a voceira do BNG si están contentos co traballo que se fixo coa limpeza das pistas ao que responde a alcaldesa que non. Dí a alcaldesa que esta a falar de pistas asfaltadas, as de terra desbrozanse con persoal do concello e co tractor do concello.

-Esta recepcionada a obra da cuberta do pavillón e solucionadas as goteiras?  
Resposta: Non esta recepcionada, vén a empresa a semana que ven para solucionar o problemas das goteiras.

-O concello ten establecido algún horario de apertura e peche da casa Barxa? Si é así poderíanos dicir si se esta a cumprir?  
Resposta: Na concesión hai uns horarios mínimos e non temos constancia por escrito de que non se está a cumprir.

-Poderíanos dicir canto foi o custe total da Festa da Torta de Millo?  
Resposta: O custe total foi 43.617,39 dos cales 41.234,38 euros viñeron a través do plan de Deputación 2024.

Intervén a voceira do BNG para dicir que na pregunta da Casa Barxa ela ten recollido que preguntou polo horario de apertura e peche da mesma ao que lle responde a alcaldesa que non esta recollido así na acta pero que o mira e xa llo digo.

Volve a intervir a voceira do BNG para comentar que quedou a pregunta dez do pleno de maio sen contestar no pleno de xullo, ao que responde a alcaldesa que a contesta no seguinte pleno.

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



